

# 1916 - 2016

## AS IRMANDADES DA FALA

### cumpren 100 anos

*SÁBADO, 4 DE XUÑO DE 2016,*

*CIDADE DE LUGO*

- 10:00 a 22:00 horas, Praza Maior de Lugo, Volta pola Irmandade, a través do Autobús Itinerante iFala, organizado por Ora Galega
- 12:00 horas, saída do autobús, Praza Maior, para realizar un breve roteiro urbano nos edificios máis emblemáticos vencellados coas Irmandades da Fala de Lugo. Comezaremos polo edificio da Vidrería Lara na porta do Bispo Aguirre, onde estaba situado o Lugo Salón, lugar onde se desenvolveu a primeira xornada da Asemblea Nazionalista de Lugo, despois Círculo das Artes e os Franciscanos onde se situaba a sé das primeiras Irmandades lucenses. Despois seguiremos polo Campo Castelo na casa da familia Correa Calderón para rematar no Hotel Méndez Núñez, onde se desenvolveu a última xornada da Asemblea Nazionalista de Lugo de 1918.

*Guía: Ramón González González. Autor do libro:*

*"Cántigas e Aturuxos. Repertorio lucense de 1918".*




## Que é iFala?

No ano 1916 tiña lugar, na cidade da Coruña, un feito de grande transcendencia no decorrer cultural e político da Galiza. A comezos dese ano lanzábase a idea de constituír unha asociación cuxo primeiro nome, suxerido por Aurelio Ribalta e Antón Villar Ponte, respondía á denominación de Liga de Amigos do Idioma Galego. Poucos meses despois, o día 18 de maio, na Real Academia Galega, fundábase unha entidade que recibiu o nome de Irmandade dos Amigos da Fala, a cal, en moi pouco tempo, pasou a se coñecer como as Irmandades da Fala, cuxo obxectivo básico era a defensa, o pulo e o espallamento do idioma galego para, posteriormente, se constituír como unha plataforma en prol da lingua, a cultura e a identidade galega.

Agora, ao se cumpriren 100 anos daquel acontecemento, a iniciativa ORA GALEGA desexa conmemorar ese centenario cunha Volta pola Irmandade. Unha exposición itinerante que leva o nome de iFala, en homenaxe ao conxunto de homes e mulleres que hai cen anos traballaron para incrementar a nosa autoestima, para defender a lingua, a cultura e a identidade galegas, para conseguir a igualdade de dereitos para a muller e para atinxir a soberanía estética, cultural e política da Galiza.

Porque aínda hai bravas, hai soños, hai ganas,  
hai pobo, hai todo... **iFala**



Un autobús cunha exposición dentro, un aplicativo móbil, unha páxina web e unha canción interpretada por un amplo grupo da nova creación galega - Poetarras, De vacas, Sés, Isabel Risco, Leo, David Amor, entre outros e outras - son as ferramentas das que Ora Galega e a área de Cultura da Deputación da Coruña, coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística botan man para difundir o legado das Irmandades da Fala no seu centenario.



**Co apoio da:** **Deputación de Lugo**

**e os Concellos de:**

Betanzos / Ferrol / Lalín / Lugo / Ponteareas / Pontevedra / Ribadeo / Santiago de Compostela / Vilagarcía de Arousa / Viveiro /

- Asociación Cultural Auriense, Ourense
- Asociación Cultural Vagalumes, A Estrada
- Asociación Francisco Lanza, Ribadeo
- Asociación Pensamento e sementeira, Viveiro
- Asociación Roxin Roxal, Betanzos
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega
- Confederación Intersindical Galega
- Edicións Xerais de Galicia
- Editorial Galaxia
- Editorial SERT
- Instituto de Estudos Miñoranos
- Ir Indo Edicións
- Mesa pola Normalización
- Seminario de Estudos Chairegos, Vilalba
- Sociedade Cultural Medulio, Ferrol